



CONSORCIO DE SANTIAGO
CULTURA E PATRIMONIO



Compostela *Organum* Festival

CICLO DE VERÁN

Santiago de Compostela 2010

Ano Xacobeo 2010



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia

Coordina:



asociación musical





CONSORCIO DE SANTIAGO
CULTURA E PATRIMONIO


Ano Xacobeo 2010



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia



asociación musical



Compostela *Organum* Festival

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Primavera - verán - outono 2010

Compostela *Organum* Festival

DIRECTOR ARTÍSTICO

Bruno Forst

COORDINADORA TÉCNICA

Pilar Fontenla Armadá

AGRADECEMENTOS

D. Santiago Ferreiro. *Igrexa das Ánimas*

D. Jaime López Ramón. *Igrexa de San Miguel dos Agros*

Sor M^a Blanca Blanco. *Comunidade de Clausura das*

MM. Benedictinas de San Paio

Sor M^a Ángeles. *Comunidade de Clausura das Clarisas.*

D. José María Díaz. *Deán-Presidente do Cabido da*
Catedral de Santiago

D. Ignacio Santos Cidrás. *Xerente da S.A de Xestión do*
Plan Xacobeo

CICLO DE VERÁN

Martes 17 de agosto

Igrexa das Ánimas, 20:30h.

CAPELA COMPOSTELANA

MIRO MOREIRA *dirección*

Mércores 18 de agosto

Igrexa Conventual de Santa Clara, 21:00h.

JUAN DE LA RUBIA *órgano*

Xoves 19 de agosto

Igrexa de San Miguel dos Agros, 20:30h.

MARCO BRESCIA *órgano*

ROSANA BRESCIA *soprano*

Venres 20 de agosto

Catedral, 21:00h.

KONSTANTIN VOLOSTNOV *órgano*

Domingo 22 de agosto

Igrexa Conventual de San Paio, 20:30h.

CAPILLA DE EXTRAVAGANTES

BRUNO FORST *órgano e dirección*

Martes, 17 de Agosto, 20:30 h.

Igrexa das Ánimas

CAPELA COMPOSTELANA

MIRO MOREIRA *director*

Hispaniae Lux

Motetes e Villancicos do mundo Xacobeo

SEBASTIAN AGUILERA DE HEREDIA (1561-1627)

Obra de 8º ton alto: Ensalada (órgano só)

HIERONYMUS BILDSTEIN (1580-1626)

Hispaniae lux

J. DE VAQUEDANO (1648-1711)

Ave Regina Caelorum (a 4 e acompañamento)

Adjuvanos Deus (a 4 e continuo)

Dixit Dominus (a 6)

Missa a 4

ANÓNIMO (1711)

Obra de man esquerda

J. DE VAQUEDANO (1648-1711)

Pan por pan (1696. Villancico a 6, ao Santísimo Sacramento.

Con vigüelas)

Por donde, di (1707. Villancico para a traslación do Sº

Sacramento no Real Templo de San Pelayo. Para voz sola)

Cuidado sentidos (1695)

Peregrino espera (1684. Villancico a 6 ao Santísimo)

Luces y cariños (A 3 e acompañamento)

¡Oh, Admirable Sacramento! (Motete a 4)

¿Qué le diré a esta bella zagala? (1674. Villancico a 8 a Nª Sª da
Concepción)

Ah de la tumba sacra (Villancico a 8 ao Apóstolo)

CAPELA COMPOSTELANA

A Capela Compostelana formouse coa intención de poñer “novamente en luz” a música dos séculos XVI, XVII e XVIII. A nosa interpretación parte do uso das técnicas vocais e instrumentais propias de cadanseu período e estilo que abordamos, camiño idóneo, ao noso entender, para comprender e disfrutar unhas obras lonxanas para nós no tempo. Deste xeito tentamos aprender, con humildade e respecto, a práctica daqueles músicos contemporáneos delas. Os integrantes do conxunto formáronse no eido da música antiga, e ben o azar ou a necesidade xuntounos no fin do mundo, que é Compostela.

Dende o ano 1988 temos feito concertos por España, Europa e Estados Unidos, participando en ciclos adicados á música antiga como: Festival de Vitoria, Via Stellae, Semana de Música Antigua de Estella, Festival Internacional de Deia, Concerts de Música Barroca de Palma, Auditorio de Galicia, Metropolitan de New York, “Festival de Musique Sacree” de San Maló...

Capela Compostelana dedica unha parte importante do seu traballo á recuperación e difusión da música galega renacentista e barroca. Neste ámbito editou os discos “José de Vaquedano, Maestro de Capilla de la Catedral de Santiago de Compostela” (Ed. Edigal) e “Villancicos a Santiago” (Ed. Fonti Musicali), con obras inéditas da Catedral de Santiago de Compostela. Prepara actualmente próximas gravacións con música española deste período. Colabora asiduamente co “Orfeón Caixa Galicia Terra a Nosa”, e a “Capilla Musical da Catedral de Santiago”.

SOLISTAS

Isabel Álvarez *soprano*

Ainhoa Zubillaga *mezzosoprano*

Gerardo López *tenor*

Jordi Ricart *barítono*

SOPRANOS

Aída López Carrera

Malena Pazos Pintor

Cecilia Rodríguez Morán

Elena Sobrino Fernández

ALTOS

Óscar Mato Collazo

Sonia Miriam Rohrer Sobrino

Martín Viaño García

TENORES

Chema Ares Pérez

Pablo Mato Collazo

Diego Neira Sinde

BARÍTONOS

Alfredo López Moure

Luís Martínez Sánchez

Xurxo Varela Díaz

Manuel Pascual *cornetto*

Daniel Carbonell *chirimía*

Ramón Pérez *sacabuche*

Hugo Kesteman *baixón*

Francisco Luengo *viola da gamba*

Xurxo Varela *viola da gamba*

Alfonso Morán *violón*

Manuel Vilas *arpa*

Bruno Forst *órgano*

MIRO MOREIRA *director*

Nacido en Santiago de Compostela, comezou os seus estudos musicais coma escolano na Capilla Musical da Catedral de Santiago de Compostela e no Orfeón Terra a Nosa. Licenciado en Canto polo Conservatorio do Liceo de Barcelona, especializouse como cantante e director nos períodos renacentista e barroco. Como contratenor solista participa en numerosos concertos pola xeografía española e europea, formando parte de grupos adicados á música antiga. É invitado con frecuencia como solista por formacións orquestrais como: Orquesta Nacional de España, Real Filarmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Sevilla, Orquesta Sinfónica de Galicia e Orquesta Nacional de Portugal, entre outras. Dirixe o “Orfeón Caixa Galicia Terra a Nosa” dende 1984 e dende 1988 a “Capilla Musical da Catedral de Santiago de Compostela”, coa que

recuperou varias obras de mestres de capela da basílica compostelán: Codex Calixtinus, Cantorais de Polifonía, “Stabat Mater” de B. Chiodi, “Esos Mozos del Campo”, Oficio e “Villancicos” de Nadal de M. López, “Villancicos” ao Apóstolo Santiago de J. de Vaquedano, Motetes de Advento e Coresma de D. de las Muelas, Himnos do Códice Calixtino de S. Tafall, e outras. Actualmente é profesor asociado de Canto Coral e Formación Vocal e Auditiva na Facultade de Ciencias da Educación e director do “Coro Universitario de Santiago de Compostela”.

ÓRGANO DA IGREXA DAS ÁNIMAS

Construído en 1880 por Ramón Cardama. A súa estrutura é a dun órgano ibérico clásico, con teclado partido e trompetería horizontal. Non sufriu ningunha modificación dende a súa construción, pero se foi relabrando aos poucos, ata que en 2005 o Consorcio de Santiago decidiu a súa recuperación. Cando os irmáns Desmottes empezaron os traballos de restauración atopábase completamente desmontado, revoltado e almacenado na tribuna da igrexa. Tras a restauración, celebrouse o concerto inaugural o 22 de xaneiro de 2006 a cargo do organista Bruno Forst.

COMPOSICIÓN: Un teclado partido c/c#3, 12 pedais con enganche fixo á primeira oitava.

Frautado 13

Violón 13

Oitava

Quincena

22ª/12ª

Cheo

Clarín

Baixoncillo/Trompeta magna

Mércores, 18 de Agosto, 21:00 h.
Igrexa Conventual de Santa Clara

JUAN DE LA RUBIA *órgano*

Improvisacións en diferentes formas e estilos musicais sobre temas dados

JUAN DE LA RUBIA *órgano*

Nacido en Valencia, fórmase como organista, pianista e clavecinista no Conservatorio Superior de Música de Valencia, na Escola Superior de Música de Cataluña, na Universität der Künste de Berlín e no Conservatoire National de Toulouse, conseguindo cinco Premios Extraordinarios en diferentes especialidades. Os seus profesores foron Vicent Ros, Óscar Candendo, Michel Bouvard e Montserrat Torrent. Estuda improvisación con Emilio Molina e Wolfgang Seifen e recibe clases maxistras de Daniel Roth, Bernhard Haas, Enrico Viccardi, Wolfgang Zerer, Olivier Latry e Ton Koopman. Despois de obter en 2002 o Primeiro Premio Nacional de Órgano no Concurso Permanente de Xuventudes Musicais de España, inicia a súa actividade como concertista en España, así como no estranxeiro (Alemaña, Eslovenia, Filipinas, Guinea Ecuatorial, Hungría, Italia, Palestina, Portugal, República Checa...). Obtén os premios Andrés Segovia-J.M. Ruiz Morales (Santiago de Compostela, 2002), Premio Euterpe (Valencia, 2003), Primeiro Premio da Real Academia de Bellas Artes de Granada (2004) e o premio Primer Palau del Palau de la Música Catalana (Barcelona, 2004).

O seu repertorio abrangue todos os estilos con especial interese na música de Bach e os períodos romántico e sinfónico. Como improvisador, participou na inauguración do órgano do Auditorio de Tenerife xunto ao alemán Wolfgang Seifen, e inaugura varios órganos en La Vall d'Uixó, Alcora —Castelló—, Concatedral de Castelló, Gáldar (Gran Canaria), Navalcarnero (Madrid) e Palma

de Mallorca. Comprometido ca música contemporánea, estrea obras no Palau de la Música Catalana, Catedral de León, Catedral de San Sebastián e no Festival de Música Contemporánea Ensems, de Valencia. Toca con Grup Instrumental de Valencia, Coro e Orquestra de Valencia, Camerata de Madrid, Orquestra Nacional de Cámara de Andorra, Real Filharmonía de Galicia, Kammerorchester Carl Phillip Emanuel Bach e JONC —Nova Orquestra Nacional de Cataluña.

As súas actuacións foron retransmitidas por Radio Clásica, de RNE, Catalunya Música e RTV Slovenia e as súas gravacións discográficas inclúen música romántica francesa e española para órgano, así como música contemporánea. Dende 2005 é profesor de improvisación na ESMUC (Escola Superior de Música de Cataluña).

ÓRGANO DA IGREXA CONVENTUAL DE SANTA CLARA

Construído por Manuel da Viña (1713) e restaurado por Martin Goetze e Dominic Gwynn (2005)

Man esquerda (Do1 - Do3)		Man dereita (Do#3 - Sol5)	
Baxoncillo (4')	Violón (8')	Violón (8')	Corneta (VI)
Dulzaina (8')	Cheo (III)	Cheo (III)	Frauta (4')
Trompeta Real (8')	Decinovenas (1 1/3')	Decinovenas (1 1/3')	Oboe (8')
	Quincena (2')	Quincena (2')	Clarín (8')
	Docena (2 2/3')	Docena (2 2/3')	Trompeta Magna (16')
	Oitava (4')	Oitava (4')	Dulzaina (8')
	Flautado (8')	Flautado (8')	Trompeta Real (8')

1

2 pisas (Do1 – Si1) enganchadas ao teclado
Xeonlleira para o arca de ecos da corneta

Xoves, 19 de Agosto, 20:30 h.

Igrexa de San Miguel dos Agros

MARCO BRESCIA *órgano*

ROSANA MARRECO BRESCIA *soprano*

***Música sacra luso-brasileira
dos séculos XVIII e XIX***

PABLO NASSARRE (1654-1730)

Tocata de I ton (Órgano só)

JOÃO JOSÉ BALDI (1770 -1816)

Sis, Jesu nostrum gaudium

(Motete con só de soprano e órgano obligato)

CARLOS SEIXAS (1704 -1742)

Sonata para órgano en La menor (Órgano só)

Largo

Minuet

J. J. E. LOBO DE MESQUITA (c.1746 -1805)

Quoniam tu solus Sanctus (Gran Misa en Mi bemol)

Ego enim (Maitines de Xoves Santo)

CARLOS SEIXAS (1704 -1742)

Sonata en Do menor (Órgano só)

JOÃO DE DEUS DE CASTRO LOBO (1794 -1832)

Hodie nobis (Maitines de Nadal)

LUIZ ÁLVARES PINTO (1719-1789)

Lições de Solfejo XVIII-XXI

MARCOS PORTUGAL (1762 -1830)

Laudamus te (Gran Misa)

Sonata para órgano en Re Maior

JOSÉ MAURICIO NUNES GARCIA (1767 – 1830)

Te Christe solum novimus (Motete)

Ingemisco (Réquiem)

DOMINGOS MEIRELLES

O lingua benedicta (Aria para as festas de San Antonio)

MARCO AURELIO BRESCIA *órgano*

Pianista e organista italiano-brasileiro afinado en Lisboa, está en posesión dun máster en Historia da Arte e Musicoloxía pola Universidade Sorbonne (Paris). É investigador integrado do CESEM, Centro de Estudos de Socioloxía e Estética Musical (Universidade Nova de Lisboa), onde actualmente realiza estudos doutorais en Ciencias Musicais, Musicoloxía Histórica, en réxime de cotutela de tese coa Universidade de Paris-Sorbonne, subvencionado pola FCT, Fundación para a Ciencia e a Tecnoloxía de Portugal. Paralelamente ás súas actividades académicas, desenvolve unha ampla actividade artística, dando concertos en países como Brasil, Perú, Portugal, España, Francia, Italia, Hungría e Eslovaquia.

Organista especializado en interpretación histórica de música ibérica antiga, é organista titular do coro da Basílica Pontificia de San Miguel, Nunciatura Apostólica (Madrid). En España, asistiu ás clases de José Luis González Uriol no XXIII e XXIV Curso Internacional de Música Antiga de Daroca (Institución Fernando el Católico, Zaragoza). En París, asistiu a cursos de interpretación organística impartidos por Daniel Roth e Olivier Latry. Subvencionado pola Axencia Española de Cooperación Internacional, participou nas clases de Russel Sherman no curso internacional de piano da Escola Superior de Música Reina Sofía (Santander, 2000). En Brasil, é gañador do X Concurso Nacional de Piano Arnaldo Estrella, e obtén o premio ao mellor pianista acompañante no VIII Concurso Nacional de Cordas Pro-Música, entre outros.

ROSANA MARRECO BRESCIA *soprano*

Iniciou os seus estudos de piano e canto en Belo Horizonte

(Brasil) e licenciase en canto pola Universidade Federal de Minas Gerais. Está en posesión dun máster en Canto Lírico pola Manhattan School of Music de Nova York (EUA), dun posgrao en Canto pola Royal Academy of Music de Londres (Inglaterra) e dun máster en Historia de Brasil pola Universidade Sorbonne - Paris. En 2003 asiste á Academia de Verán do Mozarteum de Salsburgo (Austria).

En Brasil e Europa interpretou diversos papeis en producións de óperas como *Le Nozze dei Figaro* (Susanna) e *Così fan Tutte* (Despina) de W. A. Mozart, *L'Italiana in Algeri* (Elvira) de G. Rossini, *Un Ballo in Maschera* (Oscar) de G. Verdi, *Gianni Schicchi* (Lauretta) de G. Puccini, *Manon* (Manon) de J. Massenet, *Les Pêcheurs de Perles* (Leila) de G. Bizet e *Don Giovanni* (Zerlina) de W.A. Mozart. No repertorio de música relixiosa, interpretou obras de W.A. Mozart, J.S. Bach, C.F. Handel, J. Haydn e J. Brahms e do repertorio colonial brasileiro como o Te Deum de Manuel Dias de Oliveira, os Matíns de Nadal de João de Deus de Castro Lobo, o Requiem en Re menor do Padre José Maurício Nunes García, a Gran Misa de Joaquim José Emerico Lobo de Mesquita, entre outras. Participou como arpista en orquestras sinfónicas de Brasil, baixo a dirección de Oíliam Lana ou Roberto Duarte.

Recibiu a Alex Templenton Scholarship da Royal Academy of Music de Londres (2005) e foi subvencionada pola Fundación Vitae de Brasil (2006) e a Fundación Calouste Gulbenkian de Portugal (2007-2008).

Actualmente está subvencionada pola Fundación para a Ciencia e a Tecnoloxía de Portugal para a realización dos seus estudos doutorais sobre os Teatros Históricos construídos na América Portuguesa, que desenvolve en réxime de cotutela de tese entre as Universidades de Paris-Sorbonne e Nova de Lisboa.

ÓRGANO DE SAN MIGUEL DOS AGROS

É o único testimonio inconcluso que se conserva en Santiago do traballo de Pedro Gómez Mesnier, organeiro da catedral. Foi realizado entre 1841 e 1842. Trátase dun órgano modesto, aínda que bastante adecuado para a interpretación do repertorio ibérico anterior ao século XIX. O instrumento está composto por unha austera fachada de estilo clásico, acorde coa arquitectura da igrexa. No ano 2001 foi rehabilitado polos organeiros Fedreric e Jean Desmottes baixo o patrocinio da Deputación da Coruña.

COMPOSICIÓN: Teclado partido de 54 notas C1 – f5 e o pedalero con 8 pisas de enganche permanente.

Frautado de 13

Oitava

Docena

Quincena

Trompeta Real

Baixoncillo

Trompeta Magna

Venres, 20 de Agosto, 21:00 h.

Catedral

KONSTANTIN VOLOSTNOV *órgano*

JOHANN SEBASTIAN BACH (1685-1750)

Passacaglia BWV 582

ROBERT SCHUMANN (1810-1856)

Dos Seis Estudos en forma de canon op.56:

Canon en La b maior

Canon en Si menor

JOSEF RHEINBERGER (1839-1901)

Sonata no.3 en Sol maior op.88

Pastorale

Intermezzo

Fuge

PIOTR TCHAIKOVSKY (1840-1893)

Andante cantabile da Sinfonía no.5

DANIYAR DIANOV (b.1963)

Perpetuum mobile (2003)

KONSTANTIN VOLOSTNOV *órgano*

Organista, pianista e clavecinista, Konstantin Volostnov naceu en Moscú. Empezou o estudo da música de órgano con Maria Potashnikova no conservatorio Sergei Prokofiev. Dende 1994 ata 1999 estudou no Colexio Académico de Moscú, Conservatorio Tchaikovski, recibindo clases de piano e órgano de Alexei Shmitov.

En 2004 rematou a carreira no Conservatorio Chaikovski de Moscú, cos profesores Alexei Parshin (órgano), Yuri Martynov (piano), e Alexei Lyubimov (música de cámara). En 2007 diplomouse na Staatliche Hochschule für M&DK de Stuttgart, onde recibiu clases do profesor Ludger Lohmann, e no mesmo tempo rematou o posgrao

no Conservatorio Tchaikovski de Moscú coa profesora Natalia Gureeva.

Foi gañador do Primeiro Premio no concurso E.F. Walcker en Schramberg (Alemaña, 2008) e no concurso A. F. Goedicke en Moscú (2008). En 2009 gañou o primeiro premio no concurso de St. Albans (Inglaterra), o Premio Peter Hurford (mellor interpretación das obras de J.S. Bach), o Premio do público, e o Premio da mellor interpretación da obra *Sacrificium* de John Casken.

É invitado con regularidade no festival de música contemporánea “Moscú Outono” (2001-2009), e no festival Internacional de Órgano de Moscú (2001-2007). Durante o primeiro festival de órgano e Música de Cámara “Orfeo do Norte” (Kirov, 2001), foi galardoado co diploma de «Outstanding Music Mastership».

Gravou varios discos: Música moderna 2004, 2009 no Conservatorio de Moscú e Seis Sonatas para Órgano de Mendelssohn 2006, 2008 entre outros. Entre 2005 e 2006 foi director artístico da Sociedade Federal Filharmónica da rexión das Augas Minerais do Caucáseo.

Ofrece concertos en Rusia e no resto do mundo (Francia, Alemaña, España, Holanda e Estados Unidos).

ÓRGANO DA CATEDRAL

O órgano actual da S. A. M. I. Catedral de Santiago foi construído pola empresa Mascioni (Cuvio-Varese, Italia) en 1977. O concerto inaugural (17 de marzo de 1978) estivo a cargo do alemán Erich Arndt. O órgano está dividido en dous corpos. As caixas barrocas que o conteñen foron feitas por Antonio Alfonsín e Miguel de Romy a comezos do século XVIII. Os secretos son de correderas e a tracción é electro-mecánica. A distribución dos tubos correspondentes aos tres teclados e ao pedaleiro nas caixas é a seguinte: gran órgano (II) e recitativo–expresivo (III) no lado do Evanxelio e positivo (I) e pedaleiro no lado da Epístola. En xunio de 2005 foi reformada por Mascioni a tracción do órgano incorporando un combinador electrónico cuxo software pode almacenar 3 crescendo programables e 2490 combinacións que poden ser copiadas en tarxetas de memoria.

COMPOSICIÓN DO ÓRGANO MASCIONI (OP. 1010)
DA S. A. M. I. CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I. POSITIVO

C1 - C6

Principal 8

Frauta chimenea 8

Oitava 4

Frauta 4

Sexquiáltera (2 fileiras)

2 $\frac{2}{3}$ —1 $\frac{3}{5}$

Quincena 2

Decinovenas 1 $\frac{1}{3}$

Veintidosena 1

Címbala (2 fileiras)

Trompeta Real

Cromorno

Trémolo

II. GRAN ÓRGANO

C1 - C6

Principal 16

Bordón 16

Principal 8

Frautado 8

Frauta 8

Oitava 4

Frauta chimenea 4

Docena 2 $\frac{2}{3}$

Quincena 2

Decinovenas e Veintidosena
(2 fileiras)

Veintiseisena e Veintinovenas
(2 fileiras)

Cheo (4 fileiras)

Corneta (5 fileiras, C3 - C6)

Trompeta Magna 16

Trompeta Real 8

Trompeta 8

Clarín 4

III. RECITATIVO-EXPRESIVO

C1 - C6

PEDAL

C1 - G2

Quintadena 16

Contras 16

Principal 8

Subbaixo 16

Bordón 8

Bordón 16

Viola de Gamba 8

Quinta 10 2/3

Oitava 4

Bajo 8

Frauta 4

Principal 8

Cheo (5 fileiras)

Bordón 8

Nazardo 2 2/3

Quinta 5 1/3

Frautín 2

Oitava 4

Frauta en Diecisetena
1 3/5

Frauta 4

Voz Celeste 8

Cheo (6 fileiras)

Fagot 16

Bombarda 16

Trompeta Real 8

Fagot 16

Clarín 4

Trompeta 8

Trémolo

Fagot 8

Clarín 4

Domingo, 22 de Agosto, 20:30.

Igrexa Conventual de San Paio de Antealtares

CAPILLA DE EXTRAVAGANTES

BRUNO FORST *órgano e dirección*

Vésperas para a natividade da Nosa Señora

a Beata Virxe María (8 de setembro)

Festa solemne-dobre de primeira clase

VÉSPERAS DA VIRXE

como se puideron celebrar no convento de Clarisas de
Carrión de los Condes o 8 de setembro de 1634.

Tiento de órgano

Deus in adjutorium

Salmo 109 (alternatim canto llano, capela, órgano)

Salmo 112 (fabordones)

Salmo 121 (capela e ministriles)

Salmo 126 (alternatim canto llano, órgano)

Salmo 147 (fabordones)

Capitula

Himno Ave maris stella

Magnificat (alternatim polifonía, canto llano)

Benedicamus domino

CAPILLA DE EXTRAVAGANTES

MERCEDES HERNÁNDEZ *tiple*

MAGDALENA PADILLA *tiple*

MARTA INFANTE *alto*

ELENA SOBRINO FERNANDEZ *chanfre*

SARA MORENO HERMIDA *cantora*

IRMA MORENO HERMIDA *cantora*

CECILIA RODRÍGUEZ MORÁN *cantora*

MARÍA CONCEPCIÓN RODRIGUEZ FARIÑA *cantora*

MANUEL VILAS *arpa de dúas ordes*

SANTI MIRÓN *vihuela de arco*

HUGO KESTEMANN *baixón*

VIANA CADENAS *reconstitución histórica*

BRUNO FORST *órgano e dirección*

CAPILLA DE EXTRAVAGANTES

Denomináronse así no século XVI ás capelas musicais que non tiñan contrato fixo con ningunha catedral, senón que vagaban dunha cidade a outra, ofrecendo os seus servizos (sen extravagancias) ás igrexas que querían realzar a liturxia dalgunha festa concreta.

Reunida hai pouco, a nosa capela vagabundea por todas as partes, recreando festas litúrxicas ou populares, oficios e bailes, nunhas condicións mais parecidas ás dos séculos XVI e XVII.

BRUNO FORST *órgano*

Nacido en Troyes (Francia), empezou os seus estudos de piano e órgano con Paule Rochais en Cognac. Despois de estudar filosofía na universidade de Toulouse, decidiu dedicarse á música, e entrou no conservatorio de Burdeos na clase de Francis Chapelet, conseguindo en 1996 unha medalla de ouro de órgano. Estudou tamén no Centro de Estudo e Practica de la Música Antigua (CEPMA) de Toulouse, con Laurence Boulay.

Apaixonado pola música ibérica dos séculos XVI e XVII, fixou a súa residencia en España ao rematar os seus estudos. Dedícase ao estudo, aos seus alumnos, e á realización de concertos e gravacións, ademais de asesorar á Fundación do Patrimonio Histórico de Castela e León para a restauración de órganos históricos. Con motivo da publicación do seu primeiro disco como solista, gravado na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela, deu un concerto retransmitido en directo por RNE 1 dende a Fundación Juan March, invitado por Fernando Palacios no seu programa “Música sobre a marcha”.

ÓRGANO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Construído en 1787 por Alberto de la Peña. Trátase dun dos mellores expoñentes que se conservan da época dorada do órgano ibérico, instrumento dos chamados polifónicos e consola integrada na fachada. Gerhard Grenzing foi o organeiro encargado da súa restauración, primeiro grazas as axudas concedidas pola Fundación Barrié de la Maza en 1974 e posteriormente polo Consorcio da Cidade de Santiago. Inaugurouse o 27 de Xullo de 1996 cun concerto a cargo da organista Monserrat Torrent.

COMPOSICIÓN: dous teclados partidos, dez contras e cuarenta e catro rexistros.

Man esquerda

Man dereita

Órgano Maior

Frautado

Frautado

Violón

Violón

.....

Frauta (dobre, afinación
en ondulación, de madeira)

Oitava

Oitava

Docena

Docena

Quincena

Quincena

Decinovenas

.....

Veintidocena

.....

Cheo 3 fileiras

Cheo 3 fileiras

.....

Composto de Zímbala 3 fil.

.....

Corneta 6 fil.

Trompeta Real

Trompeta Real

.....

Trompeta Magna

Baixoncillo en Ecos

Clarín en Ecos

En fachada

Baixoncillo

Clarín

Chirimía

Óboe

Enanos

Enanos (Regalía)

Cadeneta Interior

.....	Cornetilla en Ecos
Zímbala	Zímbala
Decinovenas	
Quincena	Quincena
Oitava	Oitava
Tapadillo	Frauta doce (Tapadillo)
.....	Frautado
Clarín (en oitava)	Clarín
Dulzaina	Dulzaina

Pedal

Contras abertas de 13 palmos, 10 pisas de Do a Si, sin Do sostido nin Re sostido, acoplando sempre o Órgano maior.



CONSORCIO DE SANTIAGO
CULTURA E PATRIMONIO



Martes 17 de agosto

CAPELA COMPOSTELANA / MIRO MOREIRA *dirección*
Igrexa das Ánimas, 20:30h.

Mércores 18 de agosto

JUAN DE LA RUBIA *órgano*
Igrexa Conventual de Santa Clara, 21:00h.

Xoves 19 de agosto

MARCO BRESCIA *órgano* / ROSANA BRESCIA *soprano*
Igrexa de San Miguel dos Agros, 20:30h.

Venres 20 de agosto

KONSTANTIN VOLOSTNOV *órgano*
Catedral, 21:00h.

Domingo 22 de agosto

CAPILLA DE EXTRAVAGANTES / BRUNO FORST *órgano e dirección*
Igrexa Conventual de San Paio, 20:30h.

Ano Xacobeo 2010



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia

Coordina:



asociación musical

